



Prego de cláusulas administrativas da AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO CON PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA ALAMEDA NO NADAL, TEMPADAS 2017/2018 E 2018/2019

1. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO

1.1. Este prego regula as condicións da licitación para a AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO CON PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO no paseo central da Alameda de Santiago de Compostela durante as tempadas do Nadal 2017/2018 e 2018/2019.

As instalacións da antedita pista de xeo axustaranse ás disposicións deste prego de cláusulas administrativas e do de prescricións técnicas.

1.2. É obxecto de licitación a concesión da autorización administrativa de uso común especial de bens de dominio público, de carácter temporal, á que se refire o artigo 77.1 do Regulamento de Bens das Corporais Locais (Rd 1372/1986, do 13 de xuño -BOE nº 161, do 7.07.1986 en diante, RBEL).

1.3. Sen mingua dos dereitos e obrigas derivados deste presente prego e das resolucións administrativas que se diten ao seu abeiro, as actividades do adxudicatario estarán suxeitas ás disposicións do ordenamento xurídico aplicable, en concreto, em materia de réxime local (Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, e a súa normativa complementaria) e de xestión patrimonial (Lei 33/2003 do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas, Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa complementaria).


1.4. No tocante á capacidade e solvencia das persoas licitadoras, será aplicable a normativa reguladora de contratación do sector público (Lei de contratos do sector público -Rdl 3/2011, do 14 de novembro- e a súa normativa complementaria).

1.5. As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación e resolución da autorización, e os seus efectos, serán resoltas polo órgano de adxudicación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e serán executivos. Contra eles caberán os recursos administrativos e contencioso-administrativo consonte a normativa xeral.

2. ÓRGANO DE ADXUDICACIÓN

O órgano de adxudicación é a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela.

3. PREZO OU CANON



3.1 O prezo, canon ou tipo de licitación mínimo é o de DOUS MIL EUROS (2.000,00 €) e as proposicións realizaranse á alza sobre esa cantidade. Rexeitaranse como inadmisibles as ofertas que propoñan un prezo ou canon inferior ao mínimo antedito.

3.2 O pagamento do prezo ofertado ingresarase ao formalizar a autorización na conta bancaria que indique o Concello.

3.3 Non ha lugar á revisión de prezos.

4. VIXENCIA TEMPORAL DA AUTORIZACIÓN

O período efectivo de funcionamento da pista de xeo será, na tempada 2017/2018, do 1 de decembro de 2017 ao 28 de xaneiro de 2018, e na tempada 2018/2019, do 30 de novembro de 2018 ao 27 de xaneiro de 2019. As tarefas de montaxe e desmontaxe deberán realizarse nos dez días previos e posteriores á apertura e peche da instalación.

5. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A autorización adxudícase por licitación pública consonte os artigos 77 e 78 do RBEL e a normativa patrimonial e de contratación do sector público.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A autorización adxudicarase con suxeición aos seguintes criterios:

1. Prezo ofertado, ata 6 puntos

A mellor oferta recibirá a máxima puntuación e as restantes serán puntuadas de xeito directamente proporcional.

2. Características da instalación e do servizo, ata 12 puntos

- Carpa e valadoperimetral transparente: 5 puntos
- Ampliación de horarios de apertura: ata 1 punto. O licitador que oferte a máxima ampliación recibirá o punto e os restantes serán puntuados de xeito directamente proporcional en función da duración da ampliación.
- Elementos auxiliares que faciliten a patinaxe: 2 puntos.
- Ofrecemento de ludoteca e/ou inchables como actividade complementaria de dinamización no fin de semana: 2 puntos.
- Ofrecemento de cursos de patinaxe para nenos/as, mocidade ou adultos como actividade complementaria de dinamización: 2 puntos.

3. Prezos das entradas, ata 10 puntos

O prezo máximo da entrada será de 10 euros, IVE incluído.

fuw

a) Prezo de entrada para escolares: a oferta economicamente máis vantaxosa - prezo máis baixo- obterá 4 puntos e as restantes puntuarán con suxeición á seguinte fórmula: $P = 4 / [1 + (\text{importe da oferta que se valora} - \text{importe da oferta máis vantaxosa})]$

b) Prezo de entrada xeral (sesión de 50 minutos): a oferta economicamente máis vantaxosa - prezo máis baixo- obterá 3 puntos e as restantes puntuarán con suxeición á seguinte fórmula: $P = (3 \times \text{importe da oferta máis vantaxosa}) / \text{importe da oferta que se valora}$.

c) Prezo de entrada xeral (sen limitación de tempo ao longo do día): a oferta economicamente máis vantaxosa - prezo máis baixo- obterá 2,5 puntos e as restantes puntuarán con suxeición á seguinte fórmula: $P = (2,5 \times \text{importe da oferta máis vantaxosa}) / \text{oferta que se valora}$.

d) Prezo de venda de luvas ou manoplas: a oferta economicamente máis vantaxosa - prezo máis baixo- obterá 0,5 puntos e as restantes puntuarán con suxeición á seguinte fórmula: $P = (0,5 \times \text{importe da oferta máis vantaxosa}) / \text{oferta que se valora}$.

7. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

7.1 As proposicións presentaranse no rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela (r/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), de 9:00 a 14:00 h, no prazo de **15 días naturais** contados desde que se publique o anuncio da licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no perfil de contratante da Corporación.


Advírtese que, consonte a Disposición final sétima da Lei 39/2015, do 1º de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as previsións referentes ao rexistro electrónico non producirán efectos ata que transcorran dous anos desde a entrada en vigor da lei.

7.2 A presentación pódese realizarse persoalmente ou por envío por mensaxería que se entregue no prazo sinalado. Tamén se poderá realizar mediante envío por correo pero neste caso a persoa remitente deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao Concello a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. De non concorreren ambos os dous requisitos, a proposición non será admitida se se recibe fóra do prazo fixado no anuncio de licitación. Aínda así e todo, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non se admitirá ningunha proposición que se envíe por correo.

7.3.As persoas interesadas poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil do contratante do Concello e no Departamento de Comercio.

8. CAPACIDADE PARA LICITAR

8.1 Poderán licitar as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou



estranxeiras que teñan plena capacidade para actuar e xustifique a súa solvencia económica, financeira e técnica.

8.2 A presentación das proposicións conleva a aceptación do contido deste prego.

9. DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións virán en tres sobres pechados e asinados polo licitador ou o seu representante, denominados A, B, e C. No exterior de cada un deles figurará o nome ou denominación completa da persoa licitadora, a dirección de correo electrónico para os efectos de notificacións, e o teléfono ou fax, así como a seguinte referencia: "AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALAR UNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA ALAMEDA DURANTE AS TEMPADAS DE NADAL 2017/2018 E 2018/2019".

9.1. SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

O SOBRE A conterá a declaración responsable de que a persoa licitadora cumpre as condicións legais para contratar coas administracións públicas, con suxeición ao modelo que se achega como anexo II.

A licitadora para a que se propoña a adxudicación será requirida no seu momento para que no prazo de 5 días hábiles xustifique que posúe os documentos esixidos na cláusula 11. En calquera caso, o Concello poderá solicitar, en calquera tempo anterior á proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario.

9.2. SOBRE B: PROPOSICIÓN TÉCNICA

O SOBRE B conterá os documentos que constitúan a proposición técnica da persoa licitadora consonte as prescricións técnicas adxuntas a este prego e os documentos referentes aos criterios de adxudicación enumerados na cláusula 6 anterior.

9.3. SOBRE C: OFERTA ECONÓMICA

O SOBRE C conterá a oferta económica, que se redactará axustada ao ANEXO I deste prego.

9.4. Cada persoa interesada só poderá presentar unha oferta en relación co obxecto da autorización, sen que esta poida conter diversas variantes ou alternativas.

10. EXAME DAS PROPOSICIÓNS

10.1 Concluído o prazo de presentación de ofertas, o Concello convocará a comisión de valoración para abrilas en acto público. O día e hora deste acto anunciarase no perfil de contratante da Corporación cunha antelación mínima de un día.

10.2 A comisión e valoración estará integrada por: presidenta, a concelleira delegada de Comercio ou, no seu defecto, calquera outro concelleiro no que delegue o Sr. alcalde. Vogais: un representante de cada grupo político municipal, a

técnica responsable do departamento municipal de Comercio, o director da Asesoría xurídica Municipal e a Interventora xeral ou as persoas que os substitúan. Actuará como secretario, o Xefe de Sección de Contratación.

10.3 A comisión avaliará as proposicións consonte os criterios que recolle a cláusula 6 deste prego e remitiralle a súa proposición ao órgano adxudicante.

10.4 A comisión poderá solicitar os informes técnicos que xulgue necesarios para os efectos de avaliar as proposicións.

10.5. A apertura da oferta económica terá lugar en acto público que se anunciará no perfil de contratante da Corporación, logo de que se conclúa a valoración dos sobres coas proposicións técnicas.

11. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA A ADXUDICACIÓN

11.1 O Concello requirirá á licitadora proposta pola comisión de avaliación para que no prazo de cinco días hábiles presente a seguinte documentación orixinal ou mediante copias adveradas:

1º) Xustificación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e da Seguridade Social, por medio de certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso. O Concello comprobará de oficio que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela e, de telas, requiriralle que no prazo de 5 días hábiles aboe os importes pendentes.

2º) Xustificación de constituír a garantía definitiva por importe de 4.000 euros, en metálico, por aval, en valores públicos ou privados, ou por contrato de seguro de caución. Cumprirá depositala na Tesourería da Corporación.

3º) Xustificación da capacidade de actuar:

- **Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais. De ser persoa xurídica, **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixible. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no Rexistro oficial que fose preceptivo.

- As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarán a súa capacidade mediante certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

- Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se conste que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto da autorización. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.



- Cando a licitadora actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente adverado. A achega da dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste.

- Se varias empresas acoden á licitación en **unión temporal**, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, e cumprirá indicar os nomes e circunstancias dos que a subscriban, a participación de cada unha delas, así como o compromiso de constituíren formalmente unión temporal de empresas en caso de seren adxudicatarios da autorización, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que se deriven da autorización ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

4º) Xustificación da solvencia **económica e financeira** polos medios a que se refire o artigo 75 da Lei de contratos do sector público.

5º) Xustificación da **solvencia técnica** polos seguintes medios:

a) a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

b) o compromiso de adscribir á execución das actividades autorizadas os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo coas prescricións técnicas deste prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial para os efectos do artigo 223.g) da TRLCSP.

11.2 As condicións de aptitude da empresa licitadora en canto á súa personalidade e capacidade, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e non concorrencia de prohibicións para contratar tamén se poden acreditar por medio do certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Santiago.

Neste caso, a presentación dese certificado por parte da empresa adxudicataria exímelle da obrigación de presentar: a) a documentación referente á súa personalidade, capacidade e representación, sen prexuízo de que o Concello lla pode requirir para comprobar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato. b) A declaración responsable de non incorrer nas prohibicións para contratar.

O certificado deberá achegar unha declaración responsable da licitadora sobre a súa vixencia e de que as circunstancias recollidas nel non experimentaron variación.

Para os efectos previstos neste apartado, os certificados de clasificación ou documentos similares expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor do seu empresariado constituirán unha presunción de aptitude nos termos sinalados no artigo 84.1 da TRLCSP.

11.3 As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.



11.4 As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de sometérense á xurisdición dos tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir da autorización, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lles puidese corresponder.

11.5 De non cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, enténdese que a adxudicataria retira a súa proposición e cumprirá solicitarlle a mesma documentación á licitadora seguinte pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

12. ADXUDICACIÓN

12.1.A adxudicación da autorización será motivada e notificaráselles ás licitadoras e simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

12.2.Non se poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible e se axuste aos criterios que figuran neste prego.

13. AUTORIZACIÓN

13.1 A autorización formalízase no prazo de dez días hábiles desde que se notifique a adxudicación. Ao documento administrativo xuntaráselle o prego de cláusulas administrativa particulares e de prescricións técnicas. Pódese formalizar en escritura pública se o solicita a adxudicataria e pola súa conta.

13.2 Se por causas imputables á adxudicataria non se chegase a formalizar a autorización no prazo sinalado, esta quedará resolta coa obrigación de indemnización dos danos e perdas ocasionados e poderá adxudicárselle á licitadora ou licitadoras seguintes por orde das súas ofertas, previa conformidade da interesada.

14. CONTROL E INSPECCIÓN


14.1 Sen prexuízo das demais facultades que atribuídas a outras Administracións Públicas, as actividades da adxudicataria obxecto de autorización estarán suxeitas ao control e vixilancia da Policía Local e/ou os Servizos Técnicos Municipais.

14.2 A inspección municipal terá acceso ás instalacións da pista e poderá obter da adxudicataria todos os datos que sexan precisos para desenvolver o seu labor.

14.3 A adxudicataria será responsable do mantemento, reparación e reposición das instalacións da pista por calquera avaría ou dano que poida sufrir.

15. REVOGACIÓN

A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello en calquera momento e por razóns de interese público cando por circunstancias imprevistas e sobrevidas a súa continuación produza danos ou perdas graves ao dominio público ou sexa incompatible con outras actividades de interese público que sexan



prioritarias ou preferentes. Nestes casos, a adxudicataria terá dereito á devolución da parte proporcional adiantada do prezo satisfeito.

16.DEREITOS E DEBERES DO CONCELLO

O Concello de Santiago de Compostela está obrigado a manter ao adxudicatario no pacífico uso e goce da autorización temporal concedida.

17. DEREITOS E OBRIGAS DA PERSOA ADXUDICATARIA

17.1 Serán dereitos da adxudicataria:

- a) Dispoñer do aproveitamento especial do dominio público municipal coa extensión e límites fixados neste prego.
- b) Explotar as instalacións con suxeición á normativa aplicable por razón da materia.
- c) Percibir os ingresos derivados da actividade de venda de entradas.

17.2 Serán obrigacións da adxudicataria, ademais das xerais derivadas do ordenamento xurídico aplicable, as seguintes:

- a) A montaxe e desmontaxe das instalacións pola súa conta e con suxeición ás prescricións técnicas.
- b) O pagamento no tempo sinalado do prezo establecido.
- c) Manter pola súa conta o funcionamento das instalacións, coas cargas fiscais de calquera tipo que o graven e os que a normativa legal impoña para o exercicio da actividade (canon, taxas, prezos públicos, etc.).
- d) Pagar os gastos da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.
- e) Utilizar as instalacións con suxeición aos usos permitidos e mantelas en perfecto estado de uso e conservación.
- f) Explotar de forma directa as instalacións sen que poida ceder a autorización a terceiros, nin ceder directa ou indirectamente en todo ou parte das instalacións.
- g) Cumprir as disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, seguridade social e prevencións de riscos laborais.
- h) Indemnizarlles a terceiros os danos e perdas que deriven do funcionamento das instalacións autorizadas. Para isto, deberá entregarlle á Corporación, con carácter previo á posta en funcionamento da pista, unha copia do contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra as posibles responsabilidades relacionadas coa actividade en que pode incurrir a adxudicataria por danos e perdas causados a terceiros. A adxudicataria non poderá iniciar a actividade ata o momento en que o Concello valide o seguro de responsabilidade civil.
- i) O Concello poderá inspeccionar, requirir documentación preceptiva conforme á normativa vixente e ordenarlle ao autorizado a adopción das medidas necesarias para o correcto funcionamento das instalacións. Calquera oposición ou atranco das inspeccións municipais polo concesionario ou polo persoal ao seu servizo considerárase como falta grave. E a reiteración por segunda vez poderá dar lugar a que se deixe sen efecto a concesión, sen dereito a indemnización para o concesionario.

18. RÉXIME SANCIONADOR

18.1 Os incumprimentos da adxudicataria clasifícanse en leves, graves e moi graves, en función das circunstancias concorrentes e do maior ou menor prexuízo que se cause ao interese público.

18.2 Constitúen incumprimentos leves:


- A falta leve de limpeza das instalacións, do espazo de dominio público ocupado e dunha faixa de 5,00 m arredor del.
- A infracción leve das disposicións aplicables da Ordenanza municipal reguladora da ocupación da vía pública e outros espazos abertos ao público.
- A deterioración leve do mobiliario ou ornamentos urbanos achegados ao establecemento que se produza como consecuencia da actividade obxecto de autorización.
- O desleixo leve do persoal e a falta de cortesía e corrección co público.

18.3 Constitúen incumprimentos graves:

- A ocupación de dominio público por fóra dos límites da autorización.
- A falta grave de hixiene do persoal ou de limpeza das instalacións e, en xeral, calquera incumprimento das normas de protección en materia de consumo.
- A deterioración grave dos elementos de mobiliario ou ornamentos urbanos achegados ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto de autorización.
- A emisión de ruídos por encima dos límites autorizados.
- A instalación de elementos non permitidos pola autorización.
- A falta de exhibición das autorizacións preceptivas aos inspectores ou autoridades municipais que as soliciten.
- A reiteración ou reincidencia nunha mesma falta leve ou a comisión de 3 faltas leves.

18.3 Constitúen incumprimentos moi graves:

- O incumprimento moi grave das disposicións aplicables da Ordenanza municipal reguladora da ocupación da vía pública e outros espazos abertos ao público, cando así estea clasificado pola ordenanza.
- A resistencia ou desobediencia grave aos lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- A falta moi grave de hixiene do ou de limpeza das instalacións.
- O exercicio das actividades obxecto de autorización con infracción das normas en materia de seguridade.
- Colocar nas instalacións elementos de mobiliario non autorizados nin homologados polos Servizos Municipais.
- Incumprir as condicións técnicas de instalación e dotacionais sinaladas na autorización.
- A deterioración moi grave do patrimonio municipal.
- Non estar ao corrente nas obrigacións tributarias e de Seguridade Social.
- A reiteración ou reincidencia nunha mesma falta grave ou a comisión de 3 faltas graves, e a persistencia na situación infractora sen proceder á súa subsanación.
- Dedicar as instalacións a usos distintos dos especificamente sinalados no prego, sen previa autorización municipal, se procedese.



18.4 Os incumprimentos leves sanciónanse con multa de ata 750 euros; os graves, con multa de 751 euros a 1500 euros; e os moi graves, con multa de 1501 a 3000 euros sen prexuízo de que o Concello poida resolver a autorización sen dereito de indemnización para o adxudicatario. A competencia para impoñer as sancións correspóndelle ao concelleiro delegado de Medio ambiente e convivencia.

19. REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

O Concello pode revogar a autorización nos casos previstos no artigo 100 da Lei de Patrimonio de Administracións públicas e ademais nos casos seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria da persoa titular.
- b) Por falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigacións da persoa autorizada.
- c) Por cesión da explotación das instalacións.
- d) Por incumprimento grave de calquera das obrigacións establecidas no presente prego.
- e) Por mutuo acordo.
- f) Por vencemento do prazo.
- g) Por falecemento, incapacidade, extinción da personalidade xurídica da persoa adxudicataria. En caso de falecemento, o Concello poderá acordar a continuación da relación xurídico- administrativa co herdeiro designado polo titular en declaración de última vontade e, en defecto de designación expresa do causante, cos seus herdeiros forzosos.
- h) Cando de forma sobrevida, a adxudicataria incorra nalgunha das causas de prohibición para contratar coas administracións públicas.

19.2. Nos casos previstos nos apartados a), b), c) e d) desta cláusula, a revogación conleva a perda da fianza definitiva e a adxudicataria queda inhabilitada para concorrer a outra licitación da mesma natureza con este Concello, sen prexuízo de que se lle esixan responsabilidades polos danos e perdas ocasionados.

20. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES

20.1. A documentación das licitadoras que non sexan adxudicatarias será devolta previa petición escrita das empresas e realizarase pola súa conta.

20.2. Transcorridos 4 meses desde a adxudicación da autorización sen que se solicitase a súa devolución, o Concello de Santiago quedará habilitado para a súa destrución.

fer

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D., con D.N.I. nº
....., maior de idade, con domicilio en
....., á vista dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a autorización da ocupación de dominio público para a **Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante as tempadas de Nadal 2017/2018 e 2018/2019**, acepta integramente o seu contido e en nome (propio ou das persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), fai constar:

- 1) Que ofrece un canon a aboar ao Concello de Santiago de _____ euros.
- 2) Que ofrece os seguintes prezos de entradas e de venda de luvas (criterio de valoración 3):

- 3) Que coñece e acepta as obrigacións que se derivan do prego de condicións desta autorización.
- 4) Que achega a documentación esixida no prego de condicións.

Lugar, data e firma do licitador



ANEXO II

D./Da _____ con DNI _____ e domicilio en _____ en nome propio ou en representación da empresa _____ á que representa no procedemento de adxudicación da autorización para a ocupación de dominio público para a **Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante as tempadas do Nadal 2017/2018 e 2018/2019 declara:**

Que esta empresa cumpre as condicións legalmente establecidas para contratar coas administracións públicas e, en concreto, para obter do Concello de Santiago de Compostela a autorización cuxa licitación se convoca.

Nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en ningunha prohibición para obter autorizacións de desfrute e aproveitamento de bens de dominio público en atención á Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e o Regulamento de Bens das Entidades Locais, nin para contratar coas administracións públicas (artigo 60 do TRLCSP).

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

(Modelo de Aval)

La Entidad _____ (1), con CIF nº _____, domicilio en (2) _____, nº _____, código postal _____, y en su nombre _____ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____ (4), con NIF/CIF nº _____, para responder de las obligaciones derivadas del expediente ____/____ (5) relativo a la autorización para a ocupación de dominio público para a **Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante as tempadas do Nadal 2017/2018 e 2018/2019** tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía _____ (7) por importe de _____ Euros (_____).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple con los siguientes requisitos:

- No hallarse en situación de mora frente a la Administración autorizante como consecuencia del impago de obligaciones derivadas de la incautación de anteriores avales.
- No hallarse en situación de suspensión de pagos o quiebra.
- No hallarse suspendida o extinguida la autorización administrativa para el ejercicio de su actividad.

Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de adjudicación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución.

En _____ a _____ de _____ de _____

Fdo. _____

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE
_____(8)

Provincia Fecha Número o código

tu

- (1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.
- (4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) N° del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastatea el poder.